

SPM/jgf

Asunto: criterios para os tralados de NNA en situacións de urxencia

O 30/12/2021 remitiuse á liña de atención á infancia criterios para derivacións de nenos, nenas e adolescentes durante as horas non laborais.

Os ditos criterios, que se veñen aplicando desde entón, son os seguintes:

- Non retorno - volver ao centro asignado.
- Novas incorporacións ao sistema (novas situacións de desprotección): UPA Barro
- Se hai calquera dúbida por problemas relacionados coa pandemia ou con trastornos de conduta (ou outros) contactar co – 682003937 (móbil do Servizo de Protección de Menores).

Á vista da experiencia acumulada nos últimos meses, resulta necesario adaptar os ditos criterios para mellorar o servizo que se presta aos nenos, nenas e adolescentes usuarias do sistema de protección á infancia e adolescencia en Galicia. En concreto, resulta necesario reducir na medida do posible, e en función dos recursos dispoñibles neste momento, os desprazamentos nocturnos de nenos, nenas e adolescentes en situacións de urxencia, na procura do seu interese superior.

En consecuencia, os criterios que aplicará a liña de atención á infancia desde a data de sinatura deste documento son os seguintes:





Primeiro: Non retorno - reingreso ao centro asignado.

Segundo: Novas incorporacións ao sistema (novas situacións de desprotección) nas que se detecten trastornos de conduta e/ou psiquiátricos (por exemplo, violencia filio-parental, ingreso en urxencias por crise psiquiátrica) ou consumos de sustancias adictivas: Ingreso na UPA Barro (986713054)

Terceiro: Novas incorporacións ao sistema (novas situacións de desprotección) nas que non se detecten problemáticas condutuais e/ou trastornos psiquiátricos graves: Ingreso nas prazas reservadas a tal efecto no centro público que resulte máis próximo, segundo os seguintes criterios xeográficos:

a) Provincias de Pontevedra (agás a comarca do Deza), Ourense e sur da provincia de Lugo (comarcas de Chantada, Lemos, A Quiroga e Sarria: Centro de menores A Carballeira (618684982)

b) Provincia da Coruña, comarca do Deza (provincia de Pontevedra) e provincia de Lugo agás comarcas de Chantada, Lemos, A Quiroga e Sarria: Centro de menores San José de Calasanz (881880055 - 881880059) e Centro de menores Ferrol I (981351550 - 627377590).

Cuarto: En caso de dúbidas por situacións non cubertas nos puntos anteriores, contactar co – 682003937 (móbil do Servizo de Protección de Menores) – ou co que se indique en cada momento desde o Servizo de Protección de Menores ou a Subdirección de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

